

Fai calor. Moita calor. A suor, pegañenta, quente, corre pola miña pel, deixando regos húmidos. Dou voltas a través das rúas. Sorteio a señoras que venden arroz, a nenos descalzos, a homes que van cara ao traballo. De vez en cando, paro e ollo cara aos lados en busca de alguén a quen lle poder vender algo. Un chaveiro, un colar, quizais un acendedor. Pero por agora, as persoas ás que lle tentei vender, desbotáronme con xestos desdeñosos.

As horas van pasando e consigo vender un sombreiro a un turista, que me dá por el máis de dez afganis. Dou a volta e fago o camiño cara á casa contenta. Coido de gardar o diñeiro dentro do hiyab, non podo ir amosándoo, se non róubanmo. Empeza a anoitecer e acelero. Xa non hai señoras vendendo arroz, e os poucos nenos que quedan, están tirados entre mantas roídas. Xa é case de noite. Quedan pouco máis de dez minutos para chegar á casa, mais se vou polas ruelas chegarei antes. Decido —aínda que sei que as ruelas están moi escuras— meterme por elas. Vou case correndo, agarrando todas as cousas que hoxe non vendín para que non caían. Non hai case ninguén na rúa exceptuando uns cantos esmoleiros. Intento ir máis rápido. Miña nai di que as rúas polas noites non son seguras, e menos para unha muller noviña, que quen sabe a chusma que hai por alí. Respiro aliviada cando vexo a miña casa ao lonxe. Camiño un pouco máis amodo; o perigo xa pasou. Ando tranquila, sen preocuparme. Aquí xa hai un farol que alumea un pouco o camiño ata casa. De súpeto, vexo unhas sombras desproporcionadas na parede. Detrás miña. O meu corazón volve bombear con forza, o medo agarrótame os músculos. O meu cerebro comeza a ofuscarse e non podo pensar. Quizais soamente sexa a miña mente, que, asustada, xógame unha mala pasada. Quizás non haxa nada detrás miña. Doume a volta. E véxoos. Son dous. Non máis de dez anos. Teñen profundas olleiras, os pómulos marcados. Levan unha navalla, mais non a collen con firmeza, trémelles o pulso. Míroos aos ollos, e máis que medo, danme mágoa. Baixo esa actuación mal lograda de ladroízos, agóchanse un par de nenos que non han roubado nunca. Comenzan a achegarse a min e eu retrocedo. Cada vez están máis cerca, e penso en gritar, pero sei que ninguén vaise asomar. Non é a primeira vez que se oen berros por estas rúas e xa ninguén lles presta atención. A frivolidade da rutina. Estamos a un par de pasos. Non vou correr. Estou segura de que corro máis rápido ca eles, pero non podo facelo cargando todas as cousas, e tampouco podo deixalas tiradas.

A súa navallas están preto miña. Demasiado. Quedamos parados, ollándonos, intentando saber que vai facer o outro. De súpeto, escoito voces detrás de min. Con rapidez, sen pensalo moito creo, fanme un tallo limpo e profundo na meixela. Berro e solto a caixa con todas as pulseiras, os acendedores e as cadeas. Levo as mans un segundo á cara e nese intre collen a caixa e botan a correr. Non saben o que hai, pero aínda así, lévanma. As voces das mulleres xa non se escoitan, deberon de cambiar de dirección ao ver o que pasaba. Non as culpo. Eu tamén o faría. Dou a volta e percorro os últimos trinta pasos ata casa correndo. Chego e vexo a porta aberta. Entro. En casa están mamá, papá e Madou, a miña irmá. Madou dorme na esquina do cuarto separada do resto da casa —unha cociña de gas, unha pequena mesa e unha estufa a carbón— por unha cortiña. Mamá está remendendo uns pantalóns, e papá conta diñeiro sobre a mesa. Vólvense ao oírme entrar.

—Onde estabas Fatou? —Pregunta mamá. Non é a primeira vez que me atraso, pero si que é a primeira vez que me rouba e non consigo pillalos. Mamá deixa de tecer en canto ve a miña cara. O corte; nin o recordaba. Teño a cara moi pegañenta polo sangue e a suor. Levántase e achégase a min.

—Que pasou Fatou? Caíches? Fixéronche dano?

Está preocupada. Non para de mirar detrás miña coma se os meus agresores foran estar tras a porta, esperando para atacar a toda a familia.

Mamá lévame cerca da cociña, onde hai un cazo cun pouco de auga fervendo. Colle un pano e xa despois de apartar o cazo do lume e de que este arrefría un chisco, molla o pano e con coidado pásamo pola meixela. A auga quente fai que me dea conta de que a ferida está aquí, de que doe. A adrenalina xa pasou, e grazas ao cansazo acumulado do día e a tensión do roubo, síntome a piques de morrer. En canto mamá acaba de limparme con man experta, voume a desvestirme e a meterme na cama, pero papá chámame:

—Fatou, os teus cartos de hoxe.

Achégome con paso vacilante. Vaise enfadar. Moitísimo. Deixo as moedas sobre a mesa, e papá cólleas.

—E o da caixa Fatou?

Trago saliva. Estou a tremer. Tento respirar fondo, que todo o osíxeno posible chegue aos meus pulmóns.

—Uns rapaces... Eu estaba soa... Tiñan unha navalla...

As palabras saen envurulladas da miña boca, sen orde, coma se meu cerebro, canso, decidira soltar o que tiña que dicir, pero sen control.

—Perdíchelo diñeiro Fatou? -palabras secas, un tanto desdeñosas, mirada penetrante, rixidez extrema. Ira tanxible.

Asinto. Pasan uns segundos. Mamá está calada, non di nada. Ela tamén ten medo. Papá mira as mans, sentado na cadeira, coma se non pasara nada. Eu estou calada. Por fóra. Por dentro son un caos de sons. O meu corazón que se acelera, a miña cabeza que funciona a velocidade vertixinosa. O son da miña gorxa ao tragar. Non sei se eles o oen. Eu si. De súpeto, papá levántase dun chimpó, tirando a cadeira cara atrás. Achégase a min, e comeza a gritar. Non sei o que di. Fala moi rápido. Achega a súa cara a miña, e cólleme pola solapa. Non vou chorar. Hoxe non. Segue a gritar, pero sóltame dun empurrón. Saio despedida cara atrás, ata chocar cunha parede. Sinto as costas malladas, onde chegou o impacto do cemento. Tuso un pouco, pero non choro. Hoxe non vou chorar. Mamá está nunha esquina, ollándonos, sen dicir nada. Se o fai, pegaralle a ela. É a miña nai, pero tamén ten que coidarse. Se ela non o fai, que pasará coa miña irmá? Comigo? Papá volve a gritar, máis forte aínda que antes, e faime poñer contra a parede. Non. Non. Non por favor. Empezo a saloucar, antes de recibir o primeiro golpe do cinto. Este chega rápido, coma un raio, e vaise igual de rápido. Pero a dor segue, as lágrimas corren pola miña cara. Outro raio no meu lombo, máis lágrimas no meu rostro. Chegan máis golpes, demasiados. Cando papá tranquilízase métese na cama con Madou, e púxose a durmir. Sen máis. Despois dun chisco, cando mamá asegúrase de que papá durme, acércase a min e faime as curas. Dime que mañá quedarei a cuidar a Madou todo o día. Non chisto. Só me meto na cama, co lombo cara arriba para impedir que as feridas aínda abertas toquen o colchón. Papá e Madou xa dormen. Mamá finxe que tamén, pero escoito como chora. Dorme ao meu carón. Achego a miña man á súa e cólloa. Ao pouco ela tamén dorme.

Estou na cama con toda a miña familia, agarrada á man da miña nai, pero síntome soa. Moi soa. Pero hoxe non podo chorar máis. Hoxe non.

Esperto coas costas ardéndome. Sinto todo o corpo dorido, e teño moita fame. Onte non ceei. Mamá e papá xa non están, foron traballar. É un pouco tarde, pero supoño que co castigo de onte, deixáronme descansar un chisco. Sempre que papá se enfada e me castiga, ao día seguinte déixanme durmir un pouco máis. Aínda así, sempre esperto cedo. O meu corpo xa está acostumado e coa calor que fai, é imposible durmir ata tarde. Aparto as sabas, apoio os pés no chan, e levanto da cama.

Ao momento, Madou esperta. Comeza a chorar. Ten fame, pero xa mirei na cociña. Non queda arroz nin fariña. Tamén mirei no bidón de plástico. Xa non hai auga. Temos que ir por ela. Collo o bidón e doulle a man a Madou. É moi pequena e non podo deixala soa na casa. Saio. Non me preocupo de pechar a porta. Está mal encaixada e non pecha.

Vexo algúns veciños, tamén van ir por auga. Hai bastantes así que sei que imos ter que esperar.

Despois de camiñar durante máis ou menos un quilómetro, chegamos á fonte. Hai unha cola enorme, e pñoome ao final. Vexo a Aminata enchendo un bidón, e cando volve, co bidón cheo, saúdame coa cabeza. Non dicimos nada. Houbo un tempo no que fomos amigas, pero agora ela fixose muller e casou, e deixamos de levarnos.

A cola avanza con lentitude, as horas pasan, o calor faise maior. Despois de toda a mañá de espera, chega a miña quenda. Sótolle a man a Madou e deixo o bidón baixo a billa. Énchoo. Volvo cara á casa co bidón nunha man e con Madou agarrada noutra. Cando chegamos, poño a auga a ferver e deixo a Madou xogando no chan cunha boneca que lle fixo mamá con trapos. Despois de un par de horas, e de fartarnos a comer auga cun pouco de azucre que pedinlle a unha tía de mamá que vive ao lado, empezo a preocuparme. Mamá e papá soen chegar antes. Xogo un pouco con Madou, fago que son a súa filla. As horas seguen a pasar. A miña preocupación faise maior. Xa está a escurecer, e creo que lle contaxio a miña preocupación a Madou, porque comeza a chorar. Intento consolala e acaba tranquilizándose pero eu sigo ollando cada poucos segundos para a porta, esperando a que cheguen papá e mamá.

De súpeto, entra papá pola porta. Está serio. Faime erguer e colle de malas maneiras a Madou no colo. Saio da casa seguíndoo. Vamos cara a praza. Cando chegamos hai moita xente congregada, pero en canto nos ven, ábrennos paso. Sei que significa isto. Eu teño estado entre esa marea de xente, deixándolle camiño á familia. Case todas as semanas. Era algo normal. Sempre lle pasaba a alguén, nunca pensei que a min. Non teño medo. Non sinto pena. Estou morna.

Veo a mamá tirada no chan cun único disparo no centro da fronte. Está sobre unha poza dun líquido espeso e escuro. Sangue. Madou comeza a berrar. Papá non fai nada. Quédase a unha distancia prudencial. Se alguén toca o cadáver de mamá antes das 11, tamén morrerá. Son os talibáns, queren mostrar que teñen o poder. Téñeno. Están entre a multitude, controlándoa coas súas escopetas recortadas e as barbas longas. Aínda así, achégome a mamá, ignorando os berros de papá. O único que mamá fixera mal era levar un pouco de pelo caéndolle pola fronte, sen cubri-lo con hiyab. Agora si que sinto. Sinto a dor, unha dor desgarradora, peor ca das feridas das costas. Vexo pequenas pingas de auga mollando o rostro de mamá. Miñas bágoas. Vexo os seus ollos abertos, mirando máis alá. Onde a nosa vista non chega.

De repente, un estoupido. Un golpe chega ao meu lombo, onde onte foi o cinto o que chegou, e caio ao lado de mamá. Seino. Vou morrer. Estou morrendo. Ao aire cústalle entrar nos meus pulmóns, o sangue deixa de chegar a todo o meu corpo, o cerebro comeza a entrar nun transo do que non volvera saír. Con todos os folgos que son quen de reunir, movo a miña man. E cunha lentitude exasperante para alguén que vive a vida a unha velocidade normal, cóllolle a man a miña nai. O meu único acto de rebeldía, o meu último acto de amor. De seguido téntame o sono; déixome levar. E, pouco a pouco, os meus ollos tamén miran máis alá. Miran onde o resto non poden ver.